



DON CRISTOBAL VICTOR FRAGA BERMEJO, Secretario Xeral desta Excma. Deputación Provincial de Lugo,

CERTIFICO: Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil dezaioito adoptou, entre outros, o acordo que textualmente di o seguinte:

PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia en relación co Plan Único de Cooperación cos Concellos, así como o ditame favorable emitido por unanimidade da Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente. Logo de ver así mesmo os informes do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Plan único de Cooperación cos concellos 2018, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

Programa	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)
1.- Investimentos	14.397.841,00€	1.904.970,23€
2.- Axuda no fogar –SAF	1.797.675,96€	860.831,57€
3.- Fomento do Emprego	3.562.318,84€	37.465,42€
4.- Actividades Culturais	396.426,63€	42.597,71€
5.- Actividades deportivas	265.795,96€	147.496,16€
6.- Administración electrónica e protección de datos	138.313,30€	13.813,94€
7.- Protección civil	31.120,34€	0,00€
8.- Actuacións/Eventos turísticos	231.804,22€	57.412,33€
9.- Feiras, mercados e outros	185.705,59€	139.246,01€
TOTAIS	21.007.001,84 €	3.203.833,37 €
TOTAL PLAN ÚNICO 2018 (A+B)	24.210.083,21€	

Código Seguro de Verificación:	IV6U2KAP2BPJL66N4M6EH4CWCI	Fecha:	30/05/2018 09:27:38
Nórmativa:	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante:	PABLO RIVERA CAPON (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto Nº 402, de 24-02-2017))		
Firmante:	CRISTOBAL VICTOR FRAGA BERMEJO (SECRETARIA XERAL)		
Firmante:	DELIA LOPEZ RODRIGUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6U2KAP2BPJL66N4M6EH4CWCI	Página:	1/2



2º.- Someter o plan único a información pública, por espazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación no BOP de anuncio ao efecto; se durante o prazo concedido non se presentase contra dito Plan único reclamación algunha, entendese aprobado definitivamente.

3º.- Determinar que cando as achegas dos Concellos sexan voluntarias, inda que deban estar xustificadas no momento de presentar a conta xustificativa da actividade, non se esixa acreditar o seu pagamento, senón soamente acreditar os pagamentos polo importe da achega da Deputación.

4º.- Determinar que este Plan único quede condicionado á entrada en vigor da modificación orzamentaria no presuposto de 2018, vía transferencia e suplemento de créditos, necesaria para facer fronte aos investimentos e actividades, que a de tramitarse.

5º.- Aprobar os modelos de cartel anexados, nas medidas estipuladas nas bases reguladoras, que serán distintos segundo o investimento conte con financiación municipal ou non.

6º.- Comunicar aos concellos a aprobación do Plan, debendo respectar as bases reguladoras e esta aprobación en canto á súa execución e xustificación.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vº e Prace
PABLO RIVERA CAPÓN
 P.D. Decreto nº 402 de 24-02-2017
DEPUTADO PROVINCIAL
 PABLO RIVERA CAPÓN



Código Seguro de Verificación:	IV6U2KAP2BPJL66N4M6EH4CWC1	Fecha:	30/05/2018 09:27:38
Nórmativa:	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante:	PABLO RIVERA CAPON (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto Nº 402, de 24-02-2017))		
Firmante:	CRISTOBAL VICTOR FRAGA BERMEJO (SECRETARIA XERAL)		
Firmante:	DELIA LOPEZ RODRIGUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR)		
Url de verificación:	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugol/code/IV6U2KAP2BPJL66N4M6EH4CWC1	Página:	2/2

